



CCOO INFORMA

AXUDA DE 200 € ÁS FAMILIAS CON MENOS RECURSOS PARA COMPENSAR A SUBA DOS PREZOS

En que consiste a axuda?

Nun pagamento único de 200 euros ás persoas físicas con baixo nivel de ingresos, co fin de paliar o efecto prexudicial nos prezos ocasionado pola crise enerxética derivada da invasión de Ucraína.

Quen pode solicitalo?

As persoas físicas que durante o exercicio 2022 realizasen unha actividade por conta propia ou allea pola cal estean dadas de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade, ou fosen beneficiarias da prestación ou subsidio por desemprego, sempre que en 2022 percibisen ingresos íntegros inferiores a 27 000,00 euros anuais e tivesen un patrimonio inferior a 75 000,00 euros anuais no 31 de decembro de 2022.

O cómputo de ingresos e de patrimonio efectuarase considerando os importes previstos no parágrafo anterior deste artigo de maneira conxunta co seu cónxuxe ou parella de feito, descendentes e ascendentes ata o segundo grao por liña directa que convivan no mesmo domicilio o 31 de decembro de 2022. Non se sumará o ingreso e patrimonio das persoas que compartan piso sen ter unha relación familiar.

As persoas beneficiarias deben ter a residencia habitual en España.

Quen non pode solicitalo?

As persoas que, no 31 de decembro de 2022, perciban o ingreso mínimo vital ou pensións aboadas polo réxime xeral e os réximes especiais da Seguridade Social ou polo réxime de clases pasivas do Estado, así como as que perciban prestacións análogas recoñecidas, pero non integradas nestes réximes.

As persoas administradoras de dereito dunha sociedade mercantil que non cesasen na súa actividade no 31 de decembro de 2022.

Cando e onde se debe solicitar?

A solicitude presentarse na Sede Electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, cubrindo o formulario electrónico que para ese efecto poña a disposición desde o 15 de febreiro ata o 31 de marzo de 2023; nel deberá figurar, necesariamente, a conta bancaria do titular da solicitude na que se desexe que se realice o aboamento. Será necesario dispor de Cl@ve ou certificado electrónico para realizar o trámite.

<https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/procedimientoini/GC51.shtml>

En principio, non hai que achegar información ningunha. Unha vez cuberto o formulario, a Axencia Tributaria cruzará os seus datos cos doutras administracións e determinará se o contribuínte ten dereito ao cheque.

Como se saberá se se aprobou a solicitude?

Non haberá notificación por parte da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) sobre o acordo de concesión. A norma establece que se dará por notificada aquela persoa que reciba a transferencia cos 200 euros. Cando para a Axencia Tributaria non resulte procedente o aboamento da axuda, notificaráselle á persoa solicitante unha proposta de resolución denegatoria. A partir do día seguinte, ábrese un prazo de alegacións de 10 días. Transcorrido o prazo dun mes sen presentar alegacións, considérase denegada a petición.

Se nos tres meses seguintes ao 31 de marzo (data límite para a solicitude) non se recibiu o pagamento nin se notificou unha proposta de resolución denegatoria, a solicitude poderá entenderse desestimada. Contra esa desestimación poderanse interpor recursos de reposición e reclamacións económico-administrativas.